



C.E.I.P DE PAZOS- FERROL

# INFORME DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Nuria Permuy Casal- especialista en AL  
Bibiana Ferreira Fernández especialista PT  
Sonia Fustes Martínez- orientadora.

---

PAUTAS DE TRABAJO SEGUIDAS  
DURANTE AS LIMITACIÓNS DE  
MOBILIDADE A CAUSA DO COVID-19

## **INFORME SOBRE A XESTIÓN DO TRABALLO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DURANTE O PERÍODO DE CONFINAMENTO POLA CRISIS DO COVID-19- CEIP JUAN DE LÁNGARA Y HUARTE.**

*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Comezo este informe coa descrición da **composición do Departamento de Orientación** no C.E.I.P Juan de Lángara y Huarte ao longo deste curso 2019/2020:

- **ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE**, compartida co C.E.I.P Almirante Juan de Lángara y Huarte. Nuria Permuy Casal.
- **ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**, preferente. Bibiana Fernández Ferreira.
- **ORIENTADORA**, compartida co C.E.I.P A Laxe e co C.E.I.P Almirante Juan de Lángara y Huarte. Sonia Fustes Martínez (substituindo á titular, Raquel Cabanas Porto).

**Expoño que dende o primeiro día de confinamento, tratamos de seguir cumprindo as nosas funcións, dentro das grandes limitacións** que nos supón a Atención á Diversidade sen unha proximidade física co alumnado e que nos limita en certo modo á hora de conseguir unha verdadeira individualización da ensinanza. Con todo isto, pasamos a enumerar aquelas función que estamos a levar a cabo, como equipo e individualmente como orientadora.

**Como Departamento de Orientación** e tendo en conta as funcións que recolle a Orde do 24 de xullo de 1998 que as regula:

- a) **Establecemento de canles de comunicación cos nenos**, principalmente vía whatsapp, correo electrónico, ClassDojo ou tendo como intermediaria á titora, segundo o caso.
- b) **Comunicación e coordinación de xeito periódico por diferentes vías**, tanto **o Equipo Docente do Centro como o Departamento** de Orientación para así coordinarnos á hora de subir os diferentes materiais á aula virtual, asesoramento a titores e familias (en ocasións, diríxense a so unha de nós, segundo a dúbida existente).
- c) **Adaptación** de materiais para alumnado N.E.E. e alumnado N.E.A.E, tanto por solicitude das titoras como das propias familias. Algúns dos dossier están na aula virtual, por considerar que poden ser de interese para o alumnado xeral (comprensión de textos, dossier específico para a etapa de Infantil, tanto de A.L como de P.T.). O contido destes materiais será especificado nos informes realizados polas dúas especialistas e que se axunta a este.

Entre as **tarefas levadas a cabo por min como orientadora**, destaco as seguintes:

- **Participación nas sesións de coordinación** que se convocan a nivel centro vía WEBEX, tanto no centro base como nos outros dous nos que itinero.
- **Participación na sesión de avaliación dos tres centros:** con voz e sen voto.
- **Participación en Claustros convocados vía WEBEX, actividades complementarias e extraescolares...**
- **Participación na sesión de avaliación dos tres centros:** con voz e sen voto.
- **Identificación do alumnado con desconexión do centro** para tratar de activar os mecanismos precisos e dispoñibles para que as tarefas cheguen, dun xeito ou de outro, á totalidade do alumnado do centro.
- **Coordinación de actividades e das actuacións que estamos levando a cabo dende o Departamento de Orientación** – tanto do CEIP Juan de

Lángara y Huarte como no CEIP de Pazos e no CEIP de A Laxe- mediante reunións en CISCO WEBEX, whatsapp ou chamadas telefónicas.

- **Asesoramento aos titores e titoras en canto ás propostas cos nenos NEAE:** envío de propostas didácticas, enlaces web, materiais de creación propia...
- **Revisión das novas programacións,** a colgar nas webs dos centros antes do día 12 de maio, así como asesoramento na escollo dos criterios e estándares de avaliación.
- **Elaboración de varios dossier,** algúns publicados na aula virtual dos centros e outros enviados ás familias individualmente, ao ser casuísticas máis concretas:
  - o **Dossier para as familias** cun carácter máis xeral, onde se recolleron varios aspectos
    - Contos adaptados aos diferentes niveis evolutivos sobre o coronavirus: que é, porqué estar na casa, pautas de hixiene a seguir,...
    - Como elaborar un calendario de rutinas para levar a cabo cos nenos e tratar de que o impacto emocional sexa o máis leve posible.
    - Enlace a diferentes APPs
    - Reto #desdemiventana
  - o **Dossier sobre pautas de sono a seguir.** Son moitas as familias que solicitaron información deste tipo, polos problemas á hora de conciliar o sono que estaban a detectar nos nenos e nenas debido a este cambio tan drástico no seu día a día.
  - o **Guía para as familias, para a resolución de situacións complicadas** que nos trasladan que se están a dar neste "encerro", especialmente no eido condutual, para tratar de minimalzalos.
  - o **Elaboración de dossier solicitados polas propias familias e que non foron colgadas na aula virtual, por responder a unha casuística concreta.**
  - o **Presentacións de PT e AL na aplicación CANVA,** explícitos para a etapa de Educación Infantil e colgados na web xa que consideramos que poden ser de grande utilidade para a totalidade do alumnado:

estimulación oral, orientación espacial, esquema corporal, seriacións,... presentado dunha forma atractiva e accesible.

- **Elaboración de informes solicitados:** renovación dos postos de atención preferente no CEIP A Laxe e no CEIP de Pazos.

**Outros, como** o cambio de días nas que o neno que temos no centro de escolarización combinada.

- **Iniciación do deseño de varias adaptacións curriculares de cara ao curso que ven.**

- **Contacto coas familias por diferentes vías.** Creouse unha conta especificamente para esta situación excepcional ([orientacionceipjuandelangara@gmail.com](mailto:orientacionceipjuandelangara@gmail.com)), usando esta dirección por ser o centro base, onde as familias nos plantexan dúbidas. A maior parte das solicitudes recibidas están relacionadas con ámbito emocional, xa que para o académico, soen trasladalo ás titoras, que nos piden asesoramento.

**Contacto por vía telefónica con alumnado de especial vulnerabilidade e coas súas familias,** para un seguimento non tanto no académico, senón condutual e emocional. Asesoramento ás familias por esta mesma vía de certos trámites con respecto aos seus fillos/fillas.

- **Coordinación co I.E.S de Canido, adscrito a C.E.I.P A Laxe,** por algúns aspectos que nos quedaron pendentes na reunión de coordinación para o paso de Primaria a Secundaria e celebrada tres días antes do confinamento.

En Ferrol, a 6 de maio de 2020

A orientadora

Sonia Fustes Martínez

## **INFORME DE AUDICIÓN E LINGUAXE**

### **CEIP PAZOS**

O traballo de Audición e Linguaxe durante este período de confinamento motivado polo COVID – 19 desenvolveuse do seguinte xeito:

- **Participación na sesión de avaliación** do segundo trimestre do centro vía webex, aportando un informe de valoración da evolución do alumnado que recibe apoio de A.L. e deixando constancia da alta de dous alumnos de 1º de E.P., ao acadar os obxectivos propostos inicialmente.
  
- Participación en **todas as reunións convocadas** a nivel centro vía webex.
  
- **Coordinación cos demais membros do Departamento de Orientación**, co fin de dar unha resposta conxunta tanto na elaboración de materiais como no asesoramento ás familias e ás titoras.
  
- **Comunicación cas titoras** para analizar a participación e a evolución do alumnado común durante este período de confinamento, así como para buscar recursos que lles podan axudar no proceso de ensino – aprendizaxe.
  
- **Comunicación con algunha familia vía teléfono, whatsapp e correo electrónico.**
  
- **Atender as demandas que chegan ao Departamento** de Orientación por parte das titoras e das familias, e que nos son comunicadas pola xefa do Departamento.

Preparei material específico para varios alumnos/as, en coordinación cas titoras correspondentes.

- Actividades para traballar o fonema /r/ para o alumnado dous alumnos de E.P. que presentan dificultades articulatorias do mesmo. (Documento publicado tamén na aula virtual).
- Actividades de comprensión e expresión oral con apoio visual para un alumno de 1º de E.P.
- Material de conciencia fonética e léxica para un alumno de 3º de E.P.
- Dossier de actividades para un alumno de 3º de E.P., incluíndo recursos para traballar as emocións (coñecemento e identificación), as habilidades sociais e aqueles aspectos que se poden incluír dentro da Teoría da Mente, como son os absurdos, as inferencias, a linguaxe figurativa, as situacións sociais,...
- Material de lectoescritura, pasatempos, conciencia silábica e comprensión para un alumno de 3º de E.P.

Todo este material foi entregado ao alumnado a través das titoras, da xefa do D.O. ou eu directamente ás familias a través do seu correo electrónico.

- **Publicar documentos na Aula Virtual relacionados cos compoñentes da linguaxe**, recollendo aspectos que se traballaron co alumnado que recibe apoio de A.L. dende inicio de curso. Unha vez feita esta publicación, informouse as titoras sobre a mesma, co obxectivo de que trasladaran esta información ás familias do alumnado implicado, para que estes puidesen seguir traballando contidos da aula de A.L., sempre de xeito lúdico e motivador.

Os documentos de A.L. publicados ata a data de hoxe na aula virtual son:

- Recomendación de Audición e Linguaxe. Documento onde se recollen consellos e pautas xerais para estimular a linguaxe na casa, así como unha serie de xogos para traballar a linguaxe de forma divertida.

- Recomendación de Audición e Linguaxe – Apps para estimular a linguaxe oral. Documento no que se recolle un listado de apps que traballan os diferentes compoñentes da linguaxe e a lectoescritura.
  - Recomendación de Audición e Linguaxe – Cancións e contos. Documento onde se poden atopar cancións de distintos fonemas, para axudar a súa correcta articulación, e un conto dividido en 15 capítulos que traballa os prerrequisitos da fala, é dicir, as praxias, o sopro e a respiración, a discriminación auditiva,...
  - Recomendación de Audición e Linguaxe – Fonema R. Conxunto de actividades que facilitan a articulación do fonema /r/: exercicios de posición dos órganos articulatorios, repetición de palabras, oracións e poemas, cancións, vídeos, xogo da oca, lotos fonéticos, ...
  - Recomendación de Audición e Linguaxe – Fonema S. Este documento recolle exercicios similares aos anteriores, pero co fonema /s/.
  - Recomendación de Audición e Linguaxe – Sopro e praxias. Documento no que hai actividades de sopro, a maioría delas asociadas á realización dunha manualidade, e actividades de ximnasia articulatória, as praxias.
  - Actividades de A.L. para E.I. Documento onde se recollen unha serie de actividades de carácter lúdico, como xogos, cancións, manualidades, ...
- Preparar recursos e xogos manipulativos relacionados co desenvolvemento da linguaxe en todas as súas vertentes. Nestes intres o alumnado de A.L. non se poderá beneficiar deles, pero si cando recuperemos a normalidade e esteamos de volta ao colexio.

En Ferrol, a 4 de maio de 2020

Nuria Permuy Casal

Mestra de Audición e Linguaxe



## **INFORME DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA- CEIP DE PAZOS**

O traballo de Pedagogía Terapéutica durante o período de confinamento motivado polo COVID - 19, iniciado o 16 de Marzo, e ata o momento actual, desenvólvese atendendo a tres niveis:

### **1- A nivel de centro:**

- Participación na **sesión de avaliación** do segundo trimestre do centro vía webex, aportando información relativa a evolución dos alumnos atendidos por PT esta avaliación, cos correspondentes **informes individualizados** de cada un deles. Facendo fincapé nos avances así como nos retrocesos e dificultades que encontraron os alumnos.
- Ademais propúxoselle a titora de 4º, aproveitar o RE en aula para atender a unha alumna máis de cara a favorecer o seu avance no 3º trimestre.
- **Participación en todas as reunións** convocadas a nivel centro vía webex. Tanto para recibir información dos diferentes procedementos a seguir a nivel de centro como a nivel de alumnado coa finalidade de :
  - Ofrecer un **acompañamento e un seguimento** do alumnado.
  - **Identificar ao alumnado desconectado** por diversas circunstancias, non localizable ou que carece de medios de conexión dixital.
  - Dar **continuidade ao hábito de estudo e rutinas de traballo** mediante tarefas de recuperación, repaso e reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores neste 3º trimestre.
  - Incidir nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado segundo o seu nivel de escolarización.
- **Coordinación cos demais membros do Departamento de Orientación**, co fin de dar unha resposta conxunta tanto na elaboración de materiais como no asesoramento ás familias e ás titoras. Dita coordinación fíxose de forma periódica a través dun grupo de whatsapp, co que nos coordinábase e tiñamos reunións de atención ao alumnado con NEAE do noso centro.
- **Comunicación e coordinación constante coa mestra de AL** xa que ao incidir as dúas co alumno de TEA de 1º, tiñamos que seguir as mesmas liñas de actuación e traballo que levamos ao longo dos dous trimestres

anteriores. Así como a necesidade de coordinación na elaboración e búsqueda de materiais que se lle envían ao alumno.

- **Comunicación cas titoras para analizar a participación e a evolución do alumnado común** durante este período de confinamento, así como para buscar recursos que lles podan axudar no proceso de ensino – aprendizaxe. Dita busca realizase atendendo aos criterios que establezan as titoras e tendo en contas as necesidades dos alumnos no período de confinamento, tendo en conta o seu nivel de resposta e de conectibilidade. A comunicación foi constata a través do e-mail oficial da xunta, así como vía telefónica e por whatsapp debido as variacións nas necesidades dos alumnos.
- **Comunicación coa familia do alumno de escolarización preferente** a través da titora e de Clasdojo.
- **Atender as demandas que chegan ao Departamento de Orientación** por parte das titoras e das familias, e que nos son comunicadas pola xefa do Departamento. Así como a elaboración de documentos que se requiran de cara a organización da atención educativa cara o curso que ven.

## **2- A nivel de grupo/clase:**

A nivel xeral, dende o inicio do confinamento estableceuse a nivel de centro **incidir en comprensión lectora, razoamento, cálculo e resolución de problemas**. Ademais de ter en conta ao alumnado con dificultades, polo que se realizaron actividades de recuperación e reforzo.

A partir das instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nas programacións dos titores inclúense:

Estándares de aprendizaxe de recuperación, repaso e reforzo. Estándares de aprendizaxe traballados e avaliados no 1º e 2º trimestre.

Estándares de aprendizaxe de ampliación (non avaliados). Estándares pertencentes ao 3º trimestre que durante o estado de alarma están sendo traballados pero non serán avaliados.

Estándares de aprendizaxe non traballados. Estándares pertencentes ao 3º trimestre non vistos durante o curso académico 2019 – 2020. Polo que precisarán unha especial atención o vindeiro curso académico 2020- 2021.

Polo que a hora de realizar o meu traballo de apoio aos titores así como atención ao alumnado terei en conta os primeiros e segundos estándares a través da coordinación co titores dos diferentes niveis.

Ademais terei en conta tanto a temporalización que utilizan os titores de envío de material así como a organización por materias ou ámbitos que sigan, para realizar o apoio pertinente.

No **grupo de 1º/2, a nivel xeral, búsqueda de material de reforzo e complementario** que se deu no 1º e no 2º trimestre. Enviado á titora a través de mail.

**A nivel específico para o alumno con TEA alumno de 1º), búsqueda de material de repaso e reforzo do estándares dados nos trimestres anteriores que lle resultaron máis complicados.** Coordinación coa AL, para a búsqueda de material de reforzo e recuperación dos estándares do segundo trimestres que non acadou debido a súa casuística, aproveitando o período de confinamento para incidir nestes ámbitos (expresión oral espontánea, comprensión lectora, expresión escrita espontánea).

Este ámbito é moi importante a traballar e fomentar con este alumno polo que a atención e comunicación foi constante xa que debido a casuística do alumno inciden factores intrínsecos ao neno que o confinamento agrava de forma exponencial e negativa a nivel conduta. Polo que o máis importante foi o seu benestar e tranquilidade. Así o traballo foi elaborado conxuntamente pola PT e pola AL, en constante coordinación coa titora. O material que se lle envía ao alumno ten diferentes soportes atendendo as súas necesidades, tanto soporte dixital como apps, audiovisual, como vídeos de reforzo e recuperación así como material para imprimir.

**No grupo de 3º/4º a intervención foi por dobre vía. Xa que aínda que sexa un grupo unificado ten varios profesores que inciden nel.** Coa mestra de 3º estableceuse a búsqueda de material de reforzo para o alumno con ACI, así como material de apoio para o resto do alumnado do curso.

Para a titora de 4º estableceuse o envío de material de reforzo así como de comprensión lectora, tendo en conta a programación establecida pola titora.

No grupo de 5º/6º mandouse material de repaso así como de comprensión lectora.

### **3- A nivel de publicación no centro:**

Publicar na Aula Virtual información para á atención ao alumnado de TEA, concretamente apps relacionados cos contidos traballados. Unha vez feita esta publicación, informouse as titoras sobre a mesma, co obxectivo de que trasladaran esta información ás familias do alumnado implicado, para que estes puidesen seguir traballando contidos sempre de xeito lúdico e motivador.

Preparación de recursos audiovisuais e xogos relacionados co desenvolvemento dos contidos traballados e que faltarían por traballar. Nestes intres o alumnado de PT non se poderá beneficiar deles, pero si cando recuperemos a normalidade e esteamos de volta ao centro.

En Ferrol, a 6 de maio de 2020

Bibiana Ferreira Fern- especialista Pedagogía Terapéutica.